

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**11727** *Real decreto 986/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o arrastre de unidades do primeiro ao segundo período de compromiso do Protocolo de Quioto aos titulares de conta privados con conta aberta no Rexistro Nacional de España.*

O Protocolo de Quioto da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC) estableceu obxectivos obrigatorios e cuantificados de limitación e redución das emisións de gases de efecto invernadoiro para os países industrializados para levar a cabo durante o período de 2008 a 2012, denominado primeiro período de compromiso. Posteriormente, no Cumio Internacional do Cambio Climático celebrado en Doha en decembro de 2012, os países asinantes do Protocolo de Quioto adoptaron un paquete de emendas con obxecto de darlle continuidade ao marco xurídico e institucional establecido polo citado protocolo e determinaron un segundo período de compromiso para os anos 2013 a 2020.

Tanto o Protocolo de Quioto como as decisións que o desenvolven, adoptadas pola Conferencia das Partes na súa calidade de reunión das Partes no Protocolo de Quioto, establecen unha serie de procedementos que se deben iniciar ao final do primeiro período de compromiso con obxecto de proceder á comprobación do cumprimento das obrigas de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro de cada parte para ese período, así como o tratamento específico que se lles debe dar ás unidades de emisión definidas no marco do protocolo. Estes procedementos inclúen, entre outros, a presentación dun inventario nacional de emisións de gases de efecto invernadoiro que inclúa a serie histórica desde o ano 1990 ata o ano 2012 e a súa revisión por parte de equipos de expertos revisores independentes, co fin de realizar a determinación definitiva das emisións e absorcións de cada país parte durante o período 2008-2012. Tamén se deberá realizar un proceso de retirada das unidades de emisión necesarias para cubrir as emisións producidas e se poderá levar a cabo un proceso de arrastre do primeiro ao segundo período de compromiso das unidades sobrantas e un proceso final de cancelación das unidades que non fosen arrastradas nin canceladas en fases previas. Estes procedementos débense realizar a partir do ano 2015, de conformidade cos prazos marcados polas decisións adoptadas pola Conferencia das Partes na súa calidade de reunión das Partes no Protocolo de Quioto.

En particular, os procesos de arrastre ao segundo período de compromiso (2013-2020) de unidades xeradas no primeiro período de compromiso (2008-2012) que non fosen retiradas ou canceladas nese primeiro período poderanse realizar unha vez que se alcancen os seguintes fitos temporais:

1. A revisión do Inventario nacional de emisións de gases de efecto invernadoiro, que inclúe a serie histórica desde o ano 1990 ata o ano 2012 e que se debía completar para o 10 de agosto do 2015 como moi tarde, ben que foi concluída antes da data prevista.
2. A finalización do prazo adicional de 100 días, respecto do 10 de agosto de 2015, para cumprir os compromisos de redución de emisións correspondentes ao primeiro período de compromiso (período denominado «true-up period» en inglés). De conformidade coa Decisión 3/CMP.10, da Conferencia das Partes na súa calidade de reunión das Partes no Protocolo de Quioto (data de finalización do proceso de exame polos expertos previsto no artigo 8 do Protocolo de Quioto, correspondente ao primeiro período de compromiso); este prazo finaliza o 18 de novembro de 2015.

3. A remisión do informe relativo ao estado de cumprimento das obrigas de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro do primeiro período de compromiso (informe denominado «true-up period report» en inglés) que cada parte lle debe facilitar ao Secretariado da CMNUCC unha vez que finalice ese período de 100 días, no prazo máximo de 45 días despois do vencemento dese período, é dicir, o 2 de xaneiro de 2016.

4. A determinación do cumprimento dos compromisos adquiridos baixo o protocolo por cada parte, que se deberá realizar tras a revisión do dito informe e como moi tarde o 9 de abril de 2016, de conformidade coas decisións 22/CMP.1 (directrices para o exame previsto no artigo 8 do Protocolo de Quioto) e 3/CMP.10.

Por tanto, a partir do 9 de abril de 2016 poderanse iniciar os procesos de arrastre ao segundo período de compromiso (2013-2020) das unidades xeradas durante o primeiro período de compromiso (2008-2012) que non fosen retiradas ou canceladas.

Os países parte no Protocolo de Quioto incluídos no anexo I da CMNUCC deben establecer e manter un rexistro nacional (en diante «Rexistro Nacional Quioto») segundo as normas e especificacións técnicas establecidas na sección A da parte II do anexo da Decisión 19/CP.7, da Conferencia das Partes (modalidades de contabilidade das cantidades atribuídas, previstas no parágrafo 4 do artigo 7 do Protocolo de Quioto). O obxecto deste rexistro é garantir a contabilización exacta da expedición, a titularidade, a transferencia, a cancelación e a retirada das unidades xeradas baixo o protocolo. Estas unidades son as denominadas unidades de redución de emisións (URE), reducións certificadas de emisións (RCE no caso das permanentes e RCEt e RCEI no caso das temporais), unidades de cantidade atribuída (UCA) e unidades de absorción (UDA).

No caso das partes pertencentes ao Espazo Económico Europeo, os rexistros nacionais Quioto encóntranse consolidados nunha plataforma común en que se xestionan estes rexistros nacionais e o Rexistro da Unión. Este último foi establecido para os efectos do seguimento contable do réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión (EU ETS, polas súas siglas en inglés).

A plataforma común referida coñécese como Sistema consolidado de rexistros europeos (CSEUR, polas súas siglas en inglés). Cada un dos Estados membros administra un conxunto de contas nunha área nacional situada nesta plataforma común. Estas contas xestionadas polos Estados membros teñen distinta codificación dependendo de se se trata de contas abertas no Rexistro Nacional Quioto ou abertas nunha área nacional do Rexistro da Unión.

Ambos os rexistros, o Rexistro da Unión e os rexistros nacionais Quioto, cumpren as especificacións técnicas necesarias para funcionar como rexistros do Protocolo de Quioto. A diferenza entre ambos radica en que sobre o Rexistro da Unión tamén resulta de aplicación a normativa reguladora do establecemento e desenvolvemento do EU ETS. Este feito resulta en que, con carácter xeral, as contas abertas no Rexistro da Unión están suxeitas a un maior número de limitacións na súa operativa que as contas abertas nos rexistros nacionais Quioto.

O arrastre ao segundo período de compromiso das unidades Quioto que foron orixinadas durante o primeiro período implica que estas unidades seguirán existindo unha vez concluídos todos os procesos relativos ao peche do primeiro período, de xeito que se poderán seguir utilizando no segundo período de compromiso, coas limitacións que estableza a normativa aplicable a este respecto. Canto ás unidades que non sexan arrastradas ao seguinte período de compromiso, deberán ser canceladas polo administrador do rexistro en cumprimento do parágrafo 32 do anexo á Decisión 13/CMP.1 (modalidades de contabilidade das cantidades atribuídas, artigo 7, número 4, do Protocolo de Quioto). De conformidade co parágrafo 35 dese anexo, as unidades canceladas polas partes do Protocolo non poden ser utilizadas para demostrar o cumprimento dos seus compromisos de redución, polo que esa cancelación supón a eliminación definitiva das unidades sen que sexa posible contabilizalas para efectos de cumprimento.

A Decisión 13/CMP.1 establece na epígrafe I.F do seu anexo as disposicións relativas ao arrastre de unidades. Conforme a dita decisión, a Parte poderá arrastrar ao período de compromiso seguinte:

a) As unidades de redución de emisións (URE) mantidas no seu rexistro nacional que non se convertesen das unidades de absorción (UDA) e que non se retirasen para ese período de compromiso ou se cancelasen, ata un máximo do 2,5 % da cantidade atribuída desa parte, de conformidade cos parágrafos 7 e 8 do artigo 3 do protocolo;

b) As reducións certificadas de emisións (RCE) mantidas no seu rexistro nacional que non se retirasen para ese período de compromiso ou se cancelasen, ata un máximo do 2,5 % da cantidade atribuída desa parte, de conformidade cos parágrafos 7 e 8 do artigo 3 do protocolo;

c) As unidades de cantidade asignada (UCA) mantidas no seu rexistro nacional que non se retirasen para ese período de compromiso ou se cancelasen, na súa totalidade.

As unidades de absorción (UDA) non se poderán arrastrar ao período de compromiso seguinte.

Así, de acordo coas decisións baixo o Protocolo de Quioto, as Partes teñen a potestade de realizar o arrastre desas unidades e, en caso de que así o decidan, deberán concretar as regras que garantan o cumprimento efectivo dos límites do 2,5 % de arrastre das URE e das RCE.

Neste sentido, ao abeiro das disposicións no ámbito internacional, son necesarias unha serie de actuacións por parte dos Estados que confirmen nun sentido ou noutro a posibilidade de arrastre de unidades nos seus rexistros nacionais Quioto, tanto no que se refire ao arrastre das unidades de titularidade pública como das unidades dos titulares de conta privados con conta aberta no Rexistro Nacional de España.

O Goberno de España exerceu as opcións que o dereito internacional e da Unión Europea outorgan ao ámbito discrecional da soberanía dos Estados parte do Protocolo de Quioto, adoptando a decisión de arrastrar a totalidade das unidades de titularidade pública, así como permitindo o arrastre das URE e RCE de titulares de conta privados con conta aberta no Rexistro Nacional de España dentro dos límites permitidos pola normativa internacional sinalada.

De acordo con iso, mediante este real decreto regúlase, por unha banda, o arrastre de unidades de titulares de conta privados con conta aberta no Rexistro Nacional de España, dentro dos límites marcados, e concréntanse determinados aspectos sobre o alcance que este arrastre ten para os participantes nos mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Quioto e no Rexistro Nacional Quioto de España.

Por outra banda, mediante este real decreto atribúeselle a execución do arrastre das unidades de titularidade pública á Dirección Xeral da Oficina Española de Cambio Climático.

Polo que se refire á regulación nacional, a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, traspón a Directiva 2003/87/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE, do Consello, permítelles ás instalacións e aos operadores aéreos utilizar RCE e URE no marco dese réxime, de conformidade coas limitacións establecidas polo artigo 11 bis da dita directiva e concretadas no Regulamento (UE) n.º 389/2013, polo que se establece o Rexistro da Unión. A disposición adicional segunda da Lei 1/2005, do 9 de marzo, regula os mecanismos baseados en proxectos do Protocolo de Quioto. Así mesmo, o Real decreto 1031/2007, do 20 de xullo, polo que se desenvolve o marco de participación nos mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Quioto, regula a participación dos titulares de conta privados en tales mecanismos do protocolo. Entre outros aspectos, o seu artigo 5 autoriza todos os titulares de contas abertas no Rexistro Nacional Quioto de España a transferiren e adquiriren RCE e URE consonte o artigo 17 do Protocolo de Quioto, relativo á participación en operacións de comercio de emisións. De acordo con esta autorización, os titulares das contas abertas no Rexistro Nacional Español que o consideraron oportuno operaron con RCE e URE orixinadas no primeiro período de compromiso do protocolo. Isto explica que hoxe en día aínda se encontren unidades deste tipo dispoñibles nas súas contas.

Non obstante, nin o Real decreto 1031/2007, do 20 de xullo, nin a Lei 1/2005, do 9 de marzo, aclaran se as RCE e as URE xeradas no primeiro período de compromiso poderán ser arrastradas para conservar a súa validez unha vez finalizado o dito período ou se deberán ser eliminadas mediante a súa cancelación. Tampouco concretan qué unidades, de ser o caso, poderán ser arrastradas.

A disposición derradeira terceira da Lei 1/2005, do 9 de marzo, habilita o Goberno, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da lei.

Con base na mencionada habilitación legal para o desenvolvemento regulamentario, este real decreto regula o arrastre de RCE e URE do período 2008-2012 ao período 2013-2020, situados en contas abertas por titulares privados na área española do Sistema consolidado de rexistros europeos.

É importante destacar que este real decreto regula o arrastre de RCE e URE de titulares de conta privados unicamente. Por outro lado, autoriza o arrastre de RCE e URE baixo determinadas condicións pero, como non podía ser doutro xeito, non cambia os usos permitidos a este tipo de unidades en normativa comunitaria. Así, por exemplo, as RCE e URE do primeiro período de compromiso arrastradas ao segundo período de compromiso do Protocolo de Quioto seguirán sen poder ser utilizadas no réxime europeo de comercio de dereitos de emisión por non se encontraren entre os tipos de unidades que poden ser utilizadas de conformidade co artigo 11 bis da Directiva 2003/87/CE.

En particular, este real decreto permite o arrastre de RCE e URE de titulares de conta privados das unidades que con data do 1 de abril de 2015 se encontren en contas do Rexistro Nacional Quioto ou da área española do Rexistro da Unión. A elección desta data vén xustificada pola limitación establecida na Decisión 13/CMP.1 respecto da contía de unidades susceptibles de arrastre dun período de compromiso ao seguinte. Esta data corresponde ao día en que esas unidades deixaron de ser utilizables no marco do réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión, de acordo co artigo 11 bis da Directiva 2003/87/CE, marco principal de utilización de tales unidades polos titulares privados da área española.

Así mesmo, cómpre ter en conta que, de acordo coas disposicións normativas adoptadas no marco do Protocolo de Quioto que resultan de aplicación, o arrastre de RCE e URE entre períodos de compromiso é unha operación que só se pode realizar desde contas abertas nun Rexistro Nacional Quioto, dado que se trata dunha operación que só se pode realizar sobre determinadas unidades expedidas baixo este (UCA, RCE e URE, concretamente). Os titulares privados non poden conter UCA nas súas contas de conformidade coa normativa nacional en vigor. Daquela, unicamente poderán ser obxecto de arrastre ao período 2013-2020 os haberes de unidades RCE e URE que se encontren en contas do Rexistro Nacional Quioto (contas cuxa numeración comece por ES-100, no que respecta ás contas do Estado, e contas cuxa numeración comece por ES-120 ou ES-121, no que respecta ás de titularidade privada).

A partir da finalización do mencionado prazo adicional de 100 días para cumprir os compromisos correspondentes ao primeiro período de compromiso («true up period»), é dicir, a partir do 18 de novembro de 2015, non será posible realizar transferencias de RCE e URE entre os distintos rexistros nacionais Quioto nin entre eses rexistros e o Rexistro da Unión, de conformidade coa sección XIII do anexo da Decisión 27/CMP.1 e coa Decisión 3/CMP.10. Á vista desta limitación, o arrastre de unidades só se poderá facer respecto das unidades que se encontren aloxadas en contas de haberes do Rexistro Nacional Quioto nesa data. Deste xeito, os haberes contidos o 1 de abril de 2015 en contas de haberes e de comercio da área española do Rexistro da Unión deberán ter sido trasladados polos seus respectivos titulares antes do 18 de novembro de 2015 a unha conta do Rexistro Nacional Quioto para poderen ser obxecto dese arrastre.

Adicionalmente, co fin de preservar a utilidade dos investimentos realizados por particulares no ámbito do Protocolo de Quioto e de asegurar, pola súa vez, a operatividade do arrastre, este real decreto tamén recolle a posibilidade de levar a cabo o arrastre das RCE orixinadas no primeiro período de compromiso que sexan transferidas entre o 1 de

abril e o 18 de novembro de 2015 desde o Rexistro do Mecanismo de Desenvolvemento Limpo a calquera das contas de titulares privados sinaladas.

A Dirección Xeral da Oficina Española de Cambio Climático executará o arrastre das unidades de titularidade pública, de conformidade co previsto no protocolo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de outubro de 2015,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Unidades obxecto de arrastre.*

1. Poderán ser obxecto de arrastre ao segundo período de compromiso (2013-2020) as reducións certificadas de emisións (RCE) e as unidades de redución de emisións (URE) orixinadas no primeiro período de compromiso do Protocolo de Quioto (2008-2012) que se encontrasen, o 1 de abril de 2015, en contas de haberes de titular de instalación, contas de haberes de operador de aeronaves, contas de haberes de persoa e contas de comercio abertas na área española do Rexistro da Unión, así como en contas de haberes de persoa (contas cuxa numeración comeza por ES-121) e contas de haberes de titular de instalación (contas cuxa numeración comeza por ES-120) abertas no Rexistro Nacional Quioto.

2. Poderán ser obxecto de arrastre, así mesmo, as reducións certificadas de emisións (RCE) orixinadas no primeiro período de compromiso do Protocolo de Quioto (2008-2012) que sexan transferidas directamente desde o Rexistro do Mecanismo de Desenvolvemento Limpo a calquera das contas identificadas no parágrafo anterior, con posterioridade ao 1 de abril de 2015 e ata o 18 de novembro de 2015 incluídos.

##### Artigo 2. *Arrastre de unidades.*

1. O administrador nacional español realizará o arrastre das reducións certificadas de emisións e unidades de redución de emisións a que se refire o número 1 do artigo 1 que fosen transferidas como máis tarde o 18 de novembro de 2015, en favor de contas de haberes de titulares privados abertas no Rexistro Nacional Quioto pertencentes ao mesmo titular.

2. O administrador nacional español realizará o arrastre das reducións certificadas de emisións referidas no parágrafo 2 do artigo 1 que o 18 de novembro de 2015 se encontren aloxadas en contas de haberes de titulares privados abertas no Rexistro Nacional Quioto, sempre que as mencionadas unidades sigan sendo titularidade do participante a que foron entregadas.

##### Artigo 3. *Cancelación de unidades.*

1. Unha vez se realizase a operación de arrastre referida no artigo 2, o remanente de reducións certificadas de emisións e unidades de redución de emisións orixinadas no primeiro período de compromiso que se encuentre en contas de haberes do Rexistro Nacional Quioto e non tivese sido arrastrado ao segundo período de compromiso será cancelado de conformidade co que a este respecto se acorde na CNMUCC.

2. Toda redución certificada de emisións orixinada no primeiro período de compromiso que sexa transferida a unha conta do Rexistro Nacional Quioto con posterioridade á realización da operación de arrastre referida no artigo 2 deberá ser cancelada.

##### Disposición adicional única. *Arrastre de unidades de titularidade pública.*

A Dirección Xeral da Oficina Española de Cambio Climático procederá ao arrastre das unidades de titularidade pública, de conformidade co previsto no Protocolo de Quioto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para desenvolver o disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de outubro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente  
ISABEL GARCÍA TEJERINA